

# MARY AND MAX

Adam Elliot, 2009


# 1452

ESTREA EN NUMAX: 30.01.2025 | V.O.S.E. | 88 min

A primeira longametraxe de Adam Elliot, que xa gañara un Oscar coa curtametraxe Harvey Krumpet, narra a longa amizade por correspondencia entre un coretón e obeso xudeu de Nova York e unha nena australiana de oito anos que vive nos suburbios de Melbourne.

«Unha conmovedora celebración da extravagancia e a amizade»

Cath Clarke, TIME OUT



## A diferenza como conexión

Por norma, as cousas que nos separan adoitan estar máis presentes que as que nos unen. A idade, as diferenzas corporais, o lugar onde residimos, os nosos traumas, as nosas alegrías, nós mesmas: todo son diferenzas. Diferenzas que, aínda que por correspondencia, poden facernos conectar coas persoas, aínda que as nosas nais, pola devandita norma, non queiran. Isto é o que lle pasa a Mary (Toni Collette) cando, desde Melbourne, aburrida pola súa rutina, decide coller o listín telefónico e enviar unha carta a Max Horowitz (Philip Seymour Hoffman) un señor corentón e obeso residente en Nova York. El decide responderlle. Contestación que, aínda que non sempre alegre, establecerá unha verdadeira amizade entre eles, entre *Mary and Max*.

Amizade que, aínda que non en presenza, en esencia era auténtica polo feito de preservar unha neutralidade no trato cara ao outro; cara a aquilo alleo pero con vontade de integralo no noso cotián. Cotián que, alleo á nosa contorna, provoca aversión, como o boicot da nai de Mary ás cartas de Max baseado na diferenza de idade: oito e corenta anos respectivamente.

Anos, os da relación de amizade entre eles, que pasan e que moldean, na distancia, na ausencia física pero no estar presente, a carreira de Mary cando Max lle conta que sofre de síndrome de Aspérxer e ela decide facer a súa tese final sobre a devandita síndrome, cando Max se anoxa con ela porqué se sente utilizado ou cando decide enviarlle todos os seus Noblets como forma de pedirlle perdón polo seu enfado. Os achegamentos e distanciamentos das relacións humanas.

Relacións, as de Mary e Max, adubadas con doces. Uns doces que contrarrestan o amargo e o solitario da vida individual e distanciada de ambos os seres. Uns seres, en definitiva, involucrados nun ambiente onde as cousas que separan abundan máis que as que nos unen.

Adam Elliot realiza este gran filme onde, a pesar das cousas que nos separan —xa sexan impostas ou infrinxidas—, aquilo que nos une aínda é posible. Cunha animación en branco e negro, elaborada e irónica na súa linguaxe pero doce no seu fondo e forma. Un lenzo audiovisual sobre o humanismo a pesar das diferenzas.

Publicado en [cinematismo.net](http://cinematismo.net)